

L
I
B
R
O
S
3º



SUXESTIÓNS DE LECTURA

3º DE ESO

1ª AVALIACIÓN

LINGUA GALEGA E
LITERATURA

2015-1016



ALEIXANDRE, Marilar, *A expedición do Pacífico*, Ed. Xerais.
Non semella fácil ser unha muller polisón nunha expedición a América do Sur durante o XIX...

BUGARIN PEREIRA, Luis, *Río abaixo*, Editorial Galaxia.
A Chiño alguén lle presenta un día un home que di vir doutra época.

CALVEIRO, Marcos, *Rinocerontes e quimeras*, Ed. Tambre.
Nun vagón de tren arrómbanse sete monstros de feira...

CARBALLUDE, Pepe, *Romaxe de desventuras.*, Ed. Rodeira.

O espírito de Lisardo Novo volveu a este mundo para cumprir unha promesa: ten que ir en romaría a San Andrés de Teixido, xa que non o fixo en vida.

CASALDERREY, Fina, *A pomba e o degolado*, Ed. Xerais.

A André amólanos bastante moitas das cousas que sucederon no instituto durante os tres últimos anos...

CASTELAO, Afonso Daniel R., *Os dous de sempre*, Editorial Galaxia.

Pedriño e Rañolas son dous rapaces cunha forma radicalmente distinta de ver a vida...

CORTIZAS, Antón, *Leonel*, Xerais.

Miguel ten que pasar o verán na casa dos seus avós, na aldea de Grandal, por culpa dos seus suspensos...

COSTAS, Leticia, *Unha estrela no vento*, Xerais.

Miguel está farto de toda a xente que o rodea... Pero, sempre hai alguén que che pode ensinar a ver a vida dun xeito distinto.

DELGADO, Josep-Francesc, *Sagarmartha*, Ed. Xerais.

Doce alpinistas pretenden escalar o Everest, despois da estraña morte dunha compañeira.

DE TORO, Suso, *A sombra cazadora*, Xerais.

Dous irmáns permanecen illados do exterior nunha casa, tentando evitar un perigo que só o seu pai coñece...

GÓMEZ XURXO, Silvestre, *De cristal*, Xerais.

Cinco relatos sobre a fragilidade humana, a maldade e a intolerancia nos que alenta a crenza na superación persoal e a procura da felicidade.

ENDE, Michael, *Momó*, Ed. Obradoiro-Alfaguara.

A novela céntrase na vida e aventuras de Momó, unha nena misteriosa e singular que deberá salvar á humanidade duns perigosos inimigos que pretenden roubar o tempo das persoas.

FERNÁNDEZ PAZ, Agustín, *Noite de voraces sombras*, Editorial Xerais.

Sara narra os acontecementos que mudaron a súa forma de ver a vida durante unhas vacacións na casa de súa avoa. Un fato de cartas esquecidas, unha libreta vella, unha historia de amor...

HINTON, Susan, *Rebeldes*, Alfaguara-Obradoiro.

Susan Hinton alcanzou a fama (aos dezaseis anos) coa publicación desta novela...

LIMACHER, Roland, *Chatarra*, Sotelo Blanco.

Xil nunca esquecerá a primeira vez que viu a Franz apoiado naquel vello Cadillac vermello...

LONDON, Jack, *A chamada da selva*, Ed. Xerais.

O can Buck é raptado da casa do xuíz Miller, preto de San Francisco, e transportado a Alaska onde o espera unha dura vida e unha misteriosa chamada dende o profundo das fragas nevadas...

LÓPEZ RODRÍGUEZ, Xavier, *O aliado inesperado*, Alfagura-Obradoiro
Un lobo ferido por un lazo de aceiro e un home ferido pola vida forxarán unha alianza...

MARTÍN, Paco, *Auga para encher un cesto*, Tambre.
Oito relatos que che permitirán viaxar dende África ata a Galicia medieval...

MIRANDA, Xosé, *Pel de lobo*, Xerais.
A Fulxencio Nóvoa e ao seu fillo Xosé perseguíaos a fama de bos tiradores. De feito, eran solicitados cada pouco para matar lobos. Ata que apareceu un, o máis astuto e feroz, aquel con ollos de persoa.

NEIRA CRUZ, Xosé A., *O armiño dorme*, Galaxia.
Bia de Medici, filla ilexítima de Cosme I, duque de Florencia, conta os últimos días da súa vida...

POE, Edgar Allan, *O escaravello de ouro e outros contos*, Xerais.
Sete dos contos máis famosos e coñecidos de Edgar Allan Poe.

QUEIZÁN, M^a Xosé, *O segredo da pedra figueira*, Xerais.
Lazo, unha rapaza de doce anos, emprende viaxe coa súa tribo desde a illa de Rocasul cara ao Sur...

REIGOSA, Carlos G., *Irmán Rei Artur*, Editorial Xerais.
Tres relatos protagonizados polos personaxes do ciclo artúrico: Lanzarote, Merlín, Xenebra, Artur...

UHLMAN, F., *Reencontro*. Ed. Galaxia.

Pode a amizade entre un rapaz xudeu e un mozo nobre alemán sobrevivir nos turbulentos anos do ascenso do nazismo?

VÁZQUEZ FREIRE, Miguel, *Proxecto Pomba Dourada*, Xerais.

Ao chegar da escola Arno atopouse cos seus pais mortos e unha mensaxe no ordenador...

VILA SEXTO, Carlos, *Gárgola*, Ed. Galaxia.

Unha profunda sensación de medo percorre o noso corpo con só pensar nunha sinistra gárgola que nos asexo coma ao protagonista desta novela.

Enlaces de interese

BLIX

<http://www.felix.org/home.html>

Rede lectura

<http://redelectura.blogspot.com.es/>

O soportal da literatura galega

<http://www.culturagalega.org/lg3/>

Blogues das bibliotecas escolares galegas de centros de ensino secundario

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=category/12/40>